

## **PROTOCOLO DE MEDIDAS PREVENTIVAS ANTE A COVID-19 NOS SERVICIOS DE TRANSPORTE PÚBLICO REGULAR DE USO ESPECIAL DE ESCOLARES PARA O CURSO 2020-2021**

### **1. OBXECTIVO**

O obxectivo do presente protocolo é **facer do transporte regular especial de escolares un espazo saudable e seguro mediante o establecemento de medidas preventivas**, colectivas e individuais, que deben adoptarse desde o inicio do curso escolar 2020/21, tanto como polos traballadores como polos usuarios do servizo, **co obxectivo de protexer e previr o máximo posible a rega de contaxio por COVID-19.**

### **2. ÁMBITO DE APLICACIÓN**

Este protocolo é de aplicación os servizos de transporte regular de uso especial de escolares eo persoal contratado.

### **3. MEDIDAS PREVENTIVAS ANTE A COVID-19 NO TRANSPORTE COMPARTIDO**

#### **3.1. Medidas previas de información e formación**

- a) A empresa garantira que todo o **persoal usuario** conte coa **información específica e actualizada** sobre as medidas que se implanten. Potenciarase a súa continua actualización segundo criterios da autoridade sanitaria.
- b) Para o coñecemento e comprensión dos escolares e as súas familias a empresa realizaran unha **senalización das medidas** de prevención e hixiene a implementar. A empresa proporcionara a **todo o persoal** traballador,

independientemente de ser persoal de contratación directa ou indirecta, a **información e formación** específica e actualizada sobre as medidas concretas que se implanten co asesoramento do servizo de prevención da empresa.

A empresa nomeará un **coordinador por centro escolar**, que será comunicado ao centro escolar, para que sirva de ligazón entre o colexio e a mesma. Con antelación ao comezo das clases, para facilitar a distribución dos alumnos no vehículo, o coordinador de transporte acordará ca dirección do centro a relación de alumnos que usarán o servizo de transporte escolar, con indicación dos roteiros e paradas que utilizaría cada alumno.

### 3.2. Medidas previas de prevención do contaxio

- a) As persoas que experimenten algúns dos síntomas **máis comúns compatibles coa COVID-19**, tales como febre (> 37°C), calafríos, tose, sensación de falta de aire, diminución do olfacto e do gusto, dor de garganta, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos, **deberán permanecer no seu domicilio**, e contactar telefonicamente cos servizos de saúde chamando ao teléfono 900 400 116. Con carácter previo á saída do domicilio procederase á medición da temperatura.
- b) **As persoas que estiveron en contacto estreito**, entendido como máis de 15 minutos a distancias inferiores a 2 metros, cunha persoa enferma, **tampouco deben acudir**, incluso en ausencia de síntomas, durante 14 días. Deberán estar alerta por se aparecen síntomas desta enfermidade.
- c) Os usuarios e o persoal contratado pola empresa están **obrigados ao correcto uso da máscara** en todo momento, tanto cando se estea na vía

pública durante a espera como no transporte, aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersonal de 1,5 metros. Preferiranse as máscaras hixiénicas e cirúrxicas que cubrirán o nariz e a boca.

- d) **O correcto uso de máscaras non exime do cumprimento do resto de medidas preventivas** establecidas, que principalmente son distanciamento de seguridade, hixiene estrita das mans e evitar tocarse a cara, o nariz, os ollos e a boca.
- e) **Non será esixible a máscara** para as persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que poida verse agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitarse a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización. Nin nos suposto de forza maior ou pola propia natureza da actividade. Esta circunstancia terá que ser alegada e acreditada, polo pediatra ou facultativo do alumno/a ou da persoa, no momento de realizar a solicitude de transporte escolar.
- f) Os usuarios que, cumprindo as medidas recollidas no presente protocolo, pertencen a grupos cualificados como especialmente sensibles o vulnerable, deberán comunicalo e, no seu caso, acreditarlo, ao acceder ao servizo co fin de que se podan adoptar as medidas necesarias para minimizar o seu risco de contaxio.
- g) Os vehículos deberán **dispoñer de produtos para a hixiene das mans** (solucións hidroalcohólicas ou desinfectantes e panos desbotables), **de protección** (máscaras desbotables) e **para a limpeza e desinfección** (deterxente habitual e produtos autorizados polo Ministerio de Sanidade).
- h) Os vehículos levarán en funcionamento, dentro do posible, durante o servizo, a recirculación do aire.
- i) Os vehículos iran dotados dunha separación física (anteparo, cortinilla

transparente o similar) do habitáculo do condutor/a para garantir a seguridade tanto diste persoal como das persoas usuarias.

- j) **A empresa xestionarán os residuos ordinarios da forma habitual.** As máscaras depositáranse na fracción resto do lixo. Se existe material contaminado por unha infección, a bolsa deberase colocar nunha segunda bolsa pechada e depositala na fracción resto.

### 3.3. Medidas durante a espera na parada e no acceso ao autobús

- a) Os usuarios esperarán na parada do autobús, **mantendo a distancia de 1,5 m** en todo momento.
- b) **Os usuarios evitarán aglomeracións** no momento da chegada do bus, sen moverse ata a apertura da porta de entrada que será a dianteira.
- c) O **acceso** ao bus pola **porta dianteira** farase en **fila de forma ordenada**, mantendo a distancia de seguridade en todo momento. De ser posible, mantendo todos os días a mesma orde.
- d) No momento de acceder ao autobús, todos os usuarios deberán **hixienizar as mans con xel hidroalcohólico**. Todos os autobuses disporán dun dispensador de hidroxel.
- e) **No interior do vehículo, os escolares máis pequenos ocuparán as prazas desde atrás** cara adiante do autobús. Sempre que sexa posible, estes alumnos ocuparán os **mesmos asentos** en todos os servizos e mantendo xuntos os usuarios convivintes, tratando de que os usuarios máis próximos sexan os mesmos.

### 3.4. Medidas durante a saída do bus

- a) A **saída** do bus pola **porta dianteira** farase de **forma ordenada** coa distancia de seguridade e de modo inverso á subida, é dicir, **empezando a baixar polos asentos dianteiros** e rematando polos traseiros.
- b) Todos os usuarios deberán **hixienizar** de novo **as mans** con xel hidroalcohólico, e, a continuación, seguiranse as indicacións do protocolo de actuación do centro escolar para a espera e acceso ao mesmo.
- c) Os vehículos que realicen varias viaxes en diferentes quendas horarias deberán proceder á **ventilación** do mesmo **antes de cada quenda de usuarios**; e sempre que fose posible á súa **limpeza e desinfección**, que como mínimo será diaria, cos produtos e procedementos previstos no plan de limpeza e desinfección.


### 3.5. Medidas durante o percorrido

- a) **O persoal e usuarios garantiran en todo momento as medidas** de protección, como o uso da máscara, e medidas de prevención, como evitar levantarse, interactuar, berrar, compartir obxectos, tocar os espazos comúns o menos posible, etc.
- b) **Cada usuario portará as súas pertenzas** como mochila, abrigos, etc., evitando usar espazos compartidos e o contacto con obxectos doutros usuarios.

### 3.6. Actuación en caso de sospeita de enfermidade no transporte

Ningún usuario con síntomas da COVID-19 poderá acceder ao vehículo dende a parada ou dende o centro escolar. No suposto de que a **sintomatoloxía se manifeste durante o servizo de transporte** procederase do seguinte xeito:

- a) A persoa afectada non debe quitar a máscara. De non levala por idade ou por estar nun suposto excepcional, deberase asegurar a posta a disposición e a correcta utilización da máscara cirúrxica pola persoa afectada.
- b) A persoa afectada ou o seu acompañante deberá comunicalo ao persoal ao cargo dos escolares.
- c) O persoal ao cargo dos escolares separará á persoa afectada todo o posible do resto de pasaxeiros, situándoa nunha zona do vehículo coa maior ventilación posible.
- d) **No caso dun escolar**, avisarase canto antes á familia para que veña a recollelo sen que entre no centro educativo (se é posible segundo a situación) e ao coordinador co centro. Unha persoa da familia contactará co centro de saúde ou co teléfono de referencia da Comunidade Autónoma de Galicia (900 400 116) e seguiranse as súas indicacións.
- e) **No caso dun traballador**, este contactará co seu centro de saúde ou co servizo de prevención de riscos laborais da empresa ou co teléfono de referencia da comunidade autónoma de Galicia (900 400 116) e seguiranse as súas indicacións.



Avda. Fisterra, 337  
Polígono A Grela - Bens  
15008 A CORUÑA  
Tlfs. 981 254 145 - 981 254 168  
Fax 981 254 050  
e-mail: info@autocaresvazquez.net

- f) No caso de percibir que a persoa que inicia síntomas estea **nunha situación de gravidade** ou teña dificultade para respirar, avisarase ao 061.
- g) Finalmente, a empresa ventilará o vehículo e o desinfectará, de forma exhaustiva.
- h) O persoal traballador da empresa está obrigado dar aviso á dirección da empresa e esta comunicarao ao centro educativo.

A Coruña, 4 de setembro de 2020